

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Antropoloxía	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

A materia de Antropoloxía debe ofrecer unha introdución tanto á perspectiva holística e interdisciplinar da antropoloxía como unha oportunidade na comprensión crítica da propia cultura desde as ferramentas da disciplina. A materia ofrece unha oportunidade para adquirir perspectivas múltiples sobre a condición humana (filosóficas, biolóxicas, lingüísticas, socio culturais...) ao mesmo tempo que ofrecer os instrumentos para un cuestionamento do etnocentrismo, androcentrismo e eurocentrismo desde o relativismo cultural. As ferramentas metodolóxicas propias da disciplina (o traballo de campo, estudo de caso, etc.) serán claves na implicación autónoma e activa do alumnado na súa formación.

O que diferencia claramente a antropoloxía doutras disciplinas veciñas é, sen lugar a dúbidas, o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a potente lente dunha análise obxectiva que, de seguro, debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e, sinaladamente, como ser social; e hoxe engadiríamos global. Pero, ademais, esta materia proporciona múltiples perspectivas, xa que combina dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e perspectivas diversas. A rica combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de lle insuflar aos alumnos e ás alumnas un aire de comprensión e universalidade que os/as libere do cinto de etnocentrismo que a cotío preside as súas vidas.

Esta riqueza perspectivística pode axudar o alumnado dun xeito determinante, por unha banda, a alcanzar unha fértil madurez como persoa e, por outra, a fixar e relacionar diversos coñecementos que foi adquirindo na súa traxectoria académica: filosofía, bioloxía, linguas, historia, economía, arte, etc. Daquela a Antropoloxía convértese por dereito propio nunha materia que, caracterizada pola súa inherente transversalidade, lle propoña ao alumno a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica crítica e construtiva. Pero é que a antropoloxía como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, proporciónalle ao/á discente unha sorte de visión de amplo espectro que de seguro lle procura un horizonte de comprensión abstracto que pode axudalo/a, dun xeito moi específico e práctico, a entender de forma madura e intelixente o mundo global no que nos movemos e a incardinarse nel. E, desde logo, sen renunciar a achegar un punto de vista, antropolóxicamente mediado, da nosa realidade en Galicia. Ser quen de contrastar ou, por mellor dicir, examinar cientificamente outras crenzas e visións do mundo desde unha perspectiva eminentemente crítica é un obxectivo que se debe lograr para o enriquecemento do pensamento do alumnado e a súa propia autocomprensión como persoa galega.

A materia, sendo optativa con 4 horas semanais, organizase cunha metodoloxía participativa e principalmente por proxectos para favorecer unha aprendizaxe significativa.

Nos dous primeiros trimestres traballárase na adquisición e comprensión das ferramentas teóricas e metodolóxicas da materia para centrarse nun proxecto de traballo de investigación no terceiro.

Os criterios de avaliación e os mínimos indicadores de logro están diseñados cos obxectivos indicados. A programación desenvólvese polo tanto nunha avaliación contínua cara o traballo de investigación do terceiro trimestre.

Esta programación se desenvolve no IES de Vilalonga. O grupo de 1º de Bacharelato da materia de Antropoloxía está constituído por 28 alumnos e alumnas.

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra), e comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional. En 1989 fundiuse baixo a denominación actual co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón. A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (CientíficoTecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior, a Formación Profesional Básica, até a ensinanza de adultos. Respecto do alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e os que xa son alumnos do Centro nos demais cursos. No primeiro grupo atópase o alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo.			2		11	1		1
OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía ven facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que puidesen constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas así como confrontándoas coas aportadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e darlo ao mundo.	1-2		2	1	40	3		1
OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou ás diferenzas entre individuos e grupos humanos.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-4		1
OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, a cultura e a interacción co medio ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Entender ao ser humano como animal social, e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropológico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropológicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas.	1-2-5	3	2-4	1-2	40	1-2-3		1
OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre a mesma.	1-2-3	3	2-4	1-2	31-40	1-2-3	3	1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Saber antropológico	Adentrarémonos nas principais características da antropoloxia como estudo multidisciplinar holístico e científico da condición humana.	17	15	X		
2	Hominización e Humanización: antropoloxía física	Estudo dos grandes elementos e procesos evolutivos (biolóxicos e histórico culturais) definidores do Spiens	17	25	X		
3	Homo cultural: a antropoloxía socio cultural	Aproximación a condición socio cultural do ser humano e aos instrumentos metodolóxicos da antropoloxia (relativismo, traballo de campo, observación participante)	17	30		X	
4	Traballo de Campo: Galicia en relación a outras culturas	Realización dun traballo de campo dun aspecto concreto da cultura galega ou dunha cultura foránea (ou ben subcultura) pero poñéndoo en relación coa cultura propia.	16	35		X	
5	A cuestión humana: Antropoloxía filosófica	Introdución ás grandes concepcións do ser humano na filosofía. Mediante un proxecto de fin de curso se sintetizarán os coñecementos aprendidos durante o curso	33	35			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Saber antropolóxico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	Expresa de xeito oral ou escrito os trazos principais teóricos e metodolóxicos da antropoloxía	PE	90
CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía.	Expresa de xeito oral ou escrito as diferencias entre as ramas da antropoloxía		
CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes.	Expresa de xeito oral ou escrito as diferencias entre a antropoloxía e outros saberes	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Antropoloxía.</li> <li>- Definición.</li> <li>- Obxecto.</li> <li>- Fins.</li> <li>- Método e técnicas dos estudos antropolóxicos.</li> <li>- Ramas da antropoloxía.</li> <li>- Antropoloxía física.</li> <li>- Antropoloxía sociocultural.</li> <li>- Antropoloxía filosófica.</li> <li>- A antropoloxía e a súa relación con outros saberes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Hominización e Humanización: antropoloxía física	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas.	Analiza os grandes rascos de xeito oral ou escrito o proceso de hominización no rexistro fósil de homínidos e prehomínidos	PE	80
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Demostra coñecemento da plasticidade biolóxica base da adaptación cultural nos elementos principais (lingua, ferramentas, comunicación e pensamento abstracto)		
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras.	Expresa recoñecemento de xeito oral ou escrito a diversidade e variabilidade da especie humana no traballo colaborativo	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución humana: o proceso de hominización.</li> <li>- A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo.</li> <li>- A árbore filoxenética.</li> <li>- O proceso de humanización.</li> <li>- A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto.</li> <li>- O papel da muller na humanización.</li> <li>- A diversidade biolóxica das poboacións humanas.</li> <li>- O papel da herdanza, a cultura e o medio ambiente na mesma.</li> <li>- Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Homo cultural: a antropoloxía socio cultural	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Definir ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais, e comprendendo a noción de rol social e cultural.	Mostra comprensión oral ou/e escrita da dimensión socio/cultural do ser humano pola súa participación en grupos e desempeño de roles sociais	PE	80
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Analiza oral ou/e de forma escrita da complexidade do concepto de cultura e dos seus procesos de adquisición.		
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Mostra unha comprensión e valoración da diversidade cultural diferenciando entre o etnocentrismo, antrocentrismo e eurocentrismo do relativismo cultural		
CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo.	Comprende o peso do parentesco na cultura e sociedade		
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Describe e entende os produtos culturais (materias e inmateriais) e o seu valor como patrimonio na sociedade	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Antropoloxía sociocultural.</li> <li>- Os métodos de investigación.</li> <li>- As escolas antropolóxicas.</li> <li>- O ser humano como animal social.</li> <li>- O rol social e cultural.</li> <li>- A dimensión social e cultural da linguaxe.</li> <li>- As diferenzas sociais.</li> <li>- Definición de cultura e endoculturación.</li> <li>- A construción social da cultura.</li> <li>- Culturas tradicionais e culturas globalizadas.</li> <li>- A diversidade cultural.</li> <li>- Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic.</li> <li>- Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.</li> <li>- A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.</li> <li>- Os universais culturais.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A produción cultural material e inmaterial.</li> <li>- O hábitat.</li> <li>- Os costumes e tradicións.</li> <li>- As manifestacións culturais.</li> <li>- Antropoloxía do parentesco.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Traballo de Campo: Galicia en relación a outras culturas	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico.	Realización dun proxecto cun traballo de campo, individual ou en grupo (etnográfico ou etnolóxico) sobre algún aspecto da cultura / sociedade galega	PE	60
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	Comprender as técnicas e metodoloxía da Antropoloxía previa realización do traballo de campo	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Antropoloxía.</li> <li>- Método e técnicas dos estudos antropolóxicos.</li> <li>- A Antropoloxía sociocultural.</li> <li>- Os métodos de investigación.</li> <li>- As escolas antropolóxicas.</li> <li>- A produción cultural material e inmaterial.</li> <li>- O hábitat.</li> <li>- Os costumes e tradicións.</li> <li>- As manifestacións culturais.</li> <li>- Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A cuestión humana: Antropoloxía filosófica	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía.	Expresa de xeito oral ou escrito o papel que xoga a concepción do ser humano nos principais modelos de pensamento occidental nas diferentes época e cuturas	PE	70
CA2.4.1. - Afondar dende un punto de vista persoal nas grandes teorías filosóficas realizando un proxecto persoal no cal se debata sobre a natureza humana a partir dun traballo de campo realizado nun entorno elixido polo alumno	Realiza un traballo persoal no cal se mostre a interiorización das grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano ao mesmo tempo que se aplican os coñecementos adquiridos durante o curso nos ámbitos da antropoloxía física e a sociocultural.		
CA2.1 - Analizar o papel da antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación.	Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes.	TI	30
CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica.	Expresa de xeito oral ou escrito sobre a influencia das achegas da antropoloxía biolóxica na indagación filosófica		
CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.</li> <li>- A posición ontolóxica do ser humano.</li> <li>- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.</li> <li>- A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural.</li> </ul>

## Contidos

- A idea da natureza humana na tradición filosófica.
- O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais.
- Na filosofía antiga.
- No medievo.
- Do renacemento á ilustración.
- Desde o século XIX.
- A busca da especificidade humana.
- Autoconsciencia e consciencia da finitude.
- A linguaxe e o simbolismo.
- A praxe en liberdade.
- As paixóns e os afectos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de antropoloxía ten un carácter práctico, holístico, interdisciplinar e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina (teóricas e metodolóxicas) se busca contribuir a unha comprensión holista e interdisciplinar na comprensión da cultura propia do alumnado. Crítica porque estas ferramentas permiten o cuestionamento con razóns do etnocentrismo/androcentrismo/eurocentrismo desde o relativismo cultural da antropoloxía. Neste sentido a metodoloxía orientase a elaboración como proxecto final dun traballo de campo sobre algún aspecto da cultura propia do alumnado.

Así mesmo, as orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas nesta materia se orientan a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
  - Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
  - Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
  - Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
  - Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
  - Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións antropolóxicas sometidas a elaboración, análise ou debate
  - Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
  - Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.
- Ao inicio de cada UD se expondrán os instrumentos de avaliación e ponderación. Cada UD comenza cunha breve actividade na que se avaliarán os coñecementos previos do alumnado para organizar significativamente os proxectos e traballos en grupo. Se traballara en grupos pequenos e grandes realizando tamén tarefas individuais. Cada proba ou taboa de indicadores ou proxecto contará cunha rúbrica concreta e específica traballada nas aulas. Na avaliación continua da materia se utilizarán polo tanto unha ampla e diversa variedade de situacións e tarefas nas que se avaliará tamén os procesos de aprendizaxe, xenerando e ofrecendo propostas de mellora e recuperación.

Respecto aos procedementos e instrumentos de avaliación, estes serán:

Dentro das probas escritas:

-Comentario de texto: No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo. A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

-Pregunta-tema: A resposta consistirá no desenvolvemento ordenado dun conxunto de ideas. A avaliación da cuestión teórica farase ¿coma no caso anterior¿ en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

-Preguntas breves: Poderán ser de resposta curta ou tipo test.

-Definicións

-Traballos de investigación persoal: permitirán afondar en distintos temas que sexan do interese do alumnado. Combinarán a busca de información coa elaboración de textos e reflexións persoais de carácter filosófico.

-Traballos de campo: combinará a busca de información sobre unha temática coa recollida de datos por parte do alumno mediante entrevistas, visitas in situ, fotografías, vídeos... Contará sempre cunha parte de análise de datos. A avaliación destes terá en conta a fiabilidade da información subministrada, a súa correcta elaboración -non facer mero copia e pega- e a orixinalidade e dominio da materia na elaboración da reflexión persoal.

Dentro das actividades avaliadas mediante táboas de indicadores

-Preguntas feitas polo profesor durante a clase a alumnos elixidos de forma aleatoria nas cales teñan que mostrar un nivel mínimo de atención respecto ao traballado durante a sesión ou ben referidas a cuestións pedidas para traballar na aula ou na casa.

-Exposicións orais, que normalmente serán parte de traballos de investigación ou reflexión realizados polo alumno. Neles se primará o carácter pedagóxico dos mesmos para que se adecúen ao nivel e os intereses dos compañeiros.

-Preguntas ou participacións en debates, nas clases normais ou ben interactuando nas exposicións orais dos compañeiros

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor: serán colgados na aula virtual e deixados para a súa compra na conserxería de bacharelato do centro
Libro de texto: non será obrigatorio comprar, se ben se poderá usar como apoio ás clases o libro Antropoloxía 1º Bacharelato (2016) Autor:Garea Traba, Eva Editorial:Edicións Xerais Idioma:Gallego Curso:1º Bachillerato
Caderno de campo ou material análogo que sirva ao alumno para tomar apuntamentos, realizar actividades na clase e servir de apoio nos traballos de campo.

Libro e materias de lectura: Como principais libros de consulta/lectura recomendandos teremos: -Antropoloxía cultural. Marvin Harris. -Antropoloxía de Galicia. Xosé Ramón Mariño Ferro -Introducción á antropoloxía cultural. Xosé Ramón Mariño Ferro -O entroido ou os praceres da carne. Xosé Ramón Mariño Ferro -La especie elegida. Juan Luis Arsuaga, Ignacio Martínez -O posto do home no cosmos. Max Scheler.

Aula virtual da materia. Situada dentro dos cursos do Departamento de Filosofía na Aula Virtual do centro. Como páxinas web de referencia se poderán consultar <http://paleoantropologiahoy.blogspot.com/> <http://teoriaehistoriaantropologica.blogspot.com/>

Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla n proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. O libro de texto e os apuntamentos do profesorado servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) se utilizarán para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. O caderno de campo servirá de base do traballo de campo do proxecto final. Na aula virtual se terán todos os materiais como repositorio ou biblioteca da materia, podendo server como recurso de avaliación e instrumento de comunicación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Avaliación inicial

-Data prevista:

A proba realizarase nun día entre as cinco primeiras sesións da materia

-Descrición do tipo de proba:

-O alumnado deberá realizar unha breve descrición do seu proxecto vital e/ou académico.(Con esta cuestión preténdese coñecer os intereses e motivacións)

-Definición de termos de dificultade media baixa e de eido cultural xeneral (por exemplo: prexuízo ou evolución)

-Elaboración dunha pequena disertación sobre unha temática filosófica de carácter xeral, por exemplo, sobre a liberdade humana, na que ademais da capacidade de expresión e redacción, poida manifestarse a coherencia e rigor expositivo da que dispón o alumnado e detectar problemas como a dificultade de expresión, incorreccións ortográficas notables, incoherencias argumentativas notables, etc. Esta actividade poderá ser substituída por un conxunto de preguntas sobre temas relacionados coa materia (darwinismo, etnocentrismo...) que permitan observar a capacidade para entender e razoar do alumnado.

-Alternativamente se poderá realizar unha proba escrita tras o visionado dunha curta de contido etnográfico que consistirá en cuestións concretas sobre o observado no audiovisual e un breve comentario crítico para determinar tanto a comprensión da diversidade cultural, a expresión escrita e o grao de familiaridade cos conceptos antropolóxicos.

-Consecuencias dos resultados da proba:

Esta proba servirános para determinar o nivel de profundización que se pode proxectar na programación de cara a traballar de xeito significativo co alumnado, e ao mesmo tempo sérvenos para determinar calquera tipo de necesidade de aprendizaxe que necesitemos localizar de cara a desenvolver a materia durante o curso. Cunha rúbrica o profesor avaliara así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs nas dúas primeiras semanas do curso.

Informarase ao alumnado das fortalezas e debilidades detectadas. En caso necesario remitirase ao alumnado ao departamento de Orientación para recibir consello especializado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	80	80	60	70	<b>75</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	20	20	40	30	<b>25</b>

### Criterios de cualificación:

Cálculo da nota da avaliación:

A nota de cada avaliación calcularase mediante dous instrumentos: probas escritas e táboas de indicadores. Dentro das probas escritas faremos exames na aula e traballos escritos en casa e na aula. As táboas de indicadores usaranse para avaliar as exposicións orais e as intervencións orais na aula.

- Os traballos entregaranse preferentemente a través da aula virtual. O profesor poderá vincular parte da nota do traballo ao proceso de elaboración do mesmo na aula.

- Nas intervencións orais se calculará a nota en función do número de veces que o profesor pida intervir aos alumnos. Os chamamentos serán aleatorios e se chamará a todos os alumnos o mesmo número de veces. Nas intervencións avaliarase positivamente cando o alumno esté en clase (salvo falta xustificada), mostre estar atento á materia que se imparte e -se é o caso- teña feita a actividade pedida polo profesor. Cando o alumno non cumpla estes criterios se restará a parte proporcional da máxima nota segundo o número de chamamentos totais ao alumno.

1ª avaliación:

Exames na aula: 50%, Traballos escritos 35% (con actividades de clase e/ou de aula) Exposicións orais 5% e intervencións orais 10%

- Haberá como máximo dúas probas escritas que contarán o 50% da nota (25% cada unha)

A primeira versará sobre a introdución a materia e a segunda sobre a evolución a partir dos traballos grupais.

- Haberá que realizar tres traballos, que poderán ser os seguintes:

a.- Esquemas e exercicios do primeiro tema: 10%

b.- Traballo de campo sobre o Samaín, relativas ao patrimonio ou costumes cercanas ou tema similar que contará un 10%

c.- Traballo individual ou en grupo, con exposición oral sobre a evolución humana que contará un 20%. (15% parte escrita, 5% parte oral)

2ª avaliación

Exames na aula: 40%, Traballos escritos: 30% (con actividades de clase e/ou de aula) Exposicións orais 20% e intervencións orais 10%

- Haberá como máximo dúas probas escritas que, no seu caso, farán media entre si e contarán o 40%. En caso de ter poucas datas podería concentrarse a materia teórica nunha soa data.

- Haberá que realizar un traballo de investigación persoal con exposición oral sobre un tema de antropoloxía sociocultural (cada alumno escollerá un tema distinto). Contará o 50% da nota (30% a parte escrita e 10% a parte oral).

- Se realizará unha actividade escrita en relación ao tema, preferentemente un comentario sobre material audiovisual (película A Balada do Narayama, por exemplo) (10%)

### 3ª avaliación:

Exames na aula: 30 %, Traballos escritos: 40% (con actividades de clase e/ou de aula) Exposicións orais: 20%  
Intervencións orais 10%

-Haberá cando menos unha proba escrita que contará o 30 %

-Haberá que realizar un traballo final de investigación antropolóxica con traballo de campo e presentación oral (cada alumno escollerá un tema distinto). Contará o 60% da nota. (40% a parte escrita e 20% a parte oral). En caso de poder realizar algunha actividade de ampliación, esta contará o 10% e reduciríase a nota da parte oral do proxecto ao 10%.

### Nota final:

A nota final será a media da nota real obtida en cada avaliación con dous decimais. O alumno superará a materia cando esta nota sexa superior a cinco.

Se a media das tres avaliacións é inferior a cinco, o alumno terá que realizar un exame final con contidos daquelas avaliacións nas que a súa nota fora menor de cinco.

A nota final neste caso será a media entre as avaliacións aprobadas (de habelas) e a nota sacada neste exame das avaliacións suspensas, ponderando cada avaliación como un tercio da nota.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.50 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.48 ou un 4.4 se redondean ao 4) .

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, en data consensuada co alumnado, cada alumno poderá facer un exame de recuperación daquelas avaliacións que teña suspensas (nota menor de cinco). A nota obtida fará media coas avaliacións xa aprobadas para acadar a nota final.

Aqueles alumnos que non acaden o 5 na nota final de xuño terán que realizar o exame extraordinario cos contidos de todo o curso.

Á cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, con dous decimais, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria escrita, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O departamento de Filosofía propondrá, preferentemente na aula virtual, un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE).

#### Avaliación ordinaria (xuño)

A materia tamén poderá ser superada mediante a realización dunha proba escrita que se poderá realizar ou ben

entre xaneiro e febreiro, ou ben en xuño, ou ben dividindo a materia en dous parciais nas devanditas datas. Estas probas versarán sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta.

#### Avaliación extraordinaria

Haberá unha única proba escrita sobre os mínimos esixibles da materia. A cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta.

#### Información ao alumnado:

O xefe de departamento se porá en contacto co alumnado con materias pendentes a máis tardar no mes de outubro para informarlle das datas e características das probas a celebrar e comprobar que dispón do material e de todo o necesario para preparalas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

#### Ordinarias.

Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

#### Extraordinarias.

Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do



desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Estas medidas tomaranse, de ser o caso, e tras realizar a avaliación inicial e compartir información co departamento de orientación.

Medidas ordinarias organizativas:

- a) Adecuación para algún alumno/a de materiais e recursos diferenciados
- b) Reforzo educativo do profesorado na aula

Medidas ordinarias curriculares:

- a) Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación para algún alumno/a
- b) Programa específico e adaptación personalizada para repetidores da materia.

MEDIDAS TDA E TDHA

PROTOCOLO ESPECIAL TDHA PARA O CENTRO ADOPTADO POLO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA: MEDIDAS DE CARÁCTER ORDINARIO IMPLEMENTADAS

Como medida de carácter esencial sentarase ao alumnado con TDA e TDHA cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.

Antes e durante a realización da tarefas:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico
- Antes de empezar unha actividade, facer a explicación de xeito claro e sinxelo, asegurándose de que a entendeu todo o alumnado.
- Utilización de estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación e xesticulación
- Segmentación das actividades longas e limitar o número destas
- Supervisión frecuentemente da realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilización de reforzos e apoios visuais na instrución oral.

Tarefas e deberes:

- Redución e fragmentación das actividades.
- Supervisión dos exercicios asegurándose de que entendeu o que ten que facer.

- Utilización reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecarga de tarefas para a casa, e selección de aquelas que se consideren máis importantes.
- Explicación individual de aspectos importantes en tempos de fóra de clase (deberes, tarefas, exames e conceptos da explicación na hora de clase)

#### Exames ou probas escritas

- Utilización de diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Exames escritos curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementación dos exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestión que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentación por escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, - diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisouse a súa comprensión e execución.
- Posibilitar, no seu caso, que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia cando así se soliciten tanto de parte dos titores do alumnado afectado, dende titoría, Xefatura de estudos, ou por iniciativa do profesorado da materia.

#### MEDIDAS DE APOIO A SITUACIÓNS DE TRASTORNO PSICOLÓXICO NO ALUMNADO:

En coordinación co Departamento de Orientación se tomarán as medidas para diminuír as posibilidades de que xurdan situacións que amplíen o malestar psicolóxico do alumnado. Teráse especial coidado na conformación dos grupos do traballo así como na elección de textos, vídeos ou exemplos que poidan influír en casos concretos de trastorno psicolóxico leve ou grave do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X

#### Observacións:

O carácter holístico e multidisciplinar da antropoloxía fai desta materia o instrumento axeitado para concretar a maioría dos elementos transversais do curriculum. O fai ao educar no relativismo cultura dende unha perspectiva aberta, ética e democrática. Se sinalan a continuación a contribución concreta:

1. A lectura e visionado de material etnográfico dunha ampla diversidade de culturas contribuirá na fomentos da lectura e comunicación audiovisual así como na visión crítica da propia identidade, tanto cultural como de xénero-
2. Elaboración de traballos en grupo contribuirá no fomento do espírito emprendedor e a creatividade, así como na educación dixital
3. As visitas aos museos antropolóxicos contribuirá na comprensión crítica da propia cultura e identidade
4. O proxecto final de traballo de campo sobre un aspecto da cultura do alumnado galego en comparación con outras culturas permite implementar dun xeito autónomo a observación crítica dos elementos da cultura e sociedade propia.

Traballaranse en concreto contidos transversais como os seguintes:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita. Todos estes se traballarán nos comentarios de texto e nas lecturas durante o curso.
- A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación. Serán parte integrante do proceso educativo pola propia metodoloxía semipresencial
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres (tema que se tratará tanto na antropoloxía física: diferencias de roles nas primeiras poboacións humanas, conflito natureza-cultura; como na antropoloxía cultural, analizando esta problemática en distintos pobos)
- A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas Museo etnolóxicos ou xacementos como os da Lanzada ou Adro Vello.	Visita guiada con actividades como exemplo do método etnográfico		X	
Saídas traballo de campo	Exemplos de observación participación de rituais (misa, funeral, boda) e festas			X
Participación en conferencias en vivo ou en "streaming"	Debates ou conferencias organizadas por universidades e outras entidades.	X		

### Observacións:

Durante o curso tentaremos organizar saídas a museos que estén na contorna do centro. Saídas para observar rituais ou festas no entorno rural e urbano do instituto. Utilización e aprendizaxe do caderno de campo na observación participante. Terceiro trimestre: saídas organizadas por grupos do proxecto final de traballo de campo. Procurarase incentivar a participación na olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.

2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Metodoloxía empregada
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
11. Aproveitamento dos espazos do centro para levar a cabo as actividades individuais e grupais con comodidade
Medidas de atención á diversidade
12. Atención adecuada aos casos de diversidade que se dan na aula
Clima de traballo na aula
13. Ausencia de elementos que poidan impedir a aprendizaxe, como o bullying, as interrupcións...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
14. Reunións periódicas con departamentos e materias afíns (historia, filosofía...) co fin de coordinar os contidos impartidos.

### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha (no caso das última avaliación só se fará ao final da única unidade didáctica que ten), para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento así como nos departamentos de coordinación do bacharelato do instituto.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e indicar as datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora no propio curso académico e para materializar en cursos vindeiros.

E as ferramentas a empregar para valorar o grao de cumprimento do puntos anteriores serán:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**